



Reunido en sesión plenaria o Comité Galego de Xustiza Deportiva, en data 29 de marzo de 2.019, adoptou por unanimidade dos seus membros o acordo de resolución do procedemento instruído no marco do expediente **26/2019** con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por medio de escrito remitido o 25 de febreiro de 2019 (entrada nº 51), Dona Ruth Ballesteros Canel, membro da Asemblea Xeral da FGE polo comité de árbitros, presenta recurso contra a resolución da xunta electoral da Federación Galega de Esgrima (FGE, en adiante) que desestima a impugnación pola recorrente da elección de membros da comisión delegada no estamento de clubs no proceso electoral de dita federación.

Segundo.- Este Comité, na súa reunión do 28 de febreiro de 2019 acordou admitir a trámite o recurso que, de conformidade co establecido no art. 53 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, tramitouse polo procedemento que en materia electoral federativa se regula nos arts. 55 e segs. do Decreto 120/2013, de 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Terceiro.- Mediante Providencia de 28 de febreiro de 2019 e de acordo co previsto no art. 61.3 do Decreto 120/2013, deuse traslado do recurso á Xunta Electoral da Federación Galega de Esgrima e os Presidente dos clubs ESCOLA HUNGARESA DE ESGRIMA DE PONTEVEDRA, CLUB ESGRIMA CORUÑA, CLUB ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO, CLUB ESGRIMA TRES ARMAS DE FERROL, para que de xeito urxente no prazo máximo de 5 días hábiles remitise o expediente e informe, cumprindo o disposto no Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

Mediante escritos de datas 8 e 12 de marzo de 2019 tiveron entrada neste Comité as alegacións presentadas pola Xunta Electoral da Federación Galega de Esgrima e o Presidente do club ESGRIMA CORUÑA, respectivamente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Unico.- Consideracións do Comité Galego de Xustiza Deportiva sobre a resolución do recurso presentado



No presente procedemento recórrase unha resolución da xunta electoral da FGE que desestima a impugnación realizada respecto da elección de membros no estamento de clubs da comisión delegada no proceso electoral de dita federación.

Na reclamación que deu orixe ao acordo da xunta electoral contra o que se recorre -e que presentou unha persoa que é membro da Asemblea Xeral da FGE polo comité de árbitros- aléganse como motivos da impugnación, en síntese, a que no desenvolvemento da votación non se fixo ningunha comprobación de identidade dos representantes dos clubs que participaron na votación. Tamén, que non se fixo comprobación algunha da capacidade legal de voto dos presidentes representantes dos clubs. Igualmente, que se aceptou o voto do club Compostela Esgrima sen ter escrito autorizando ao seu representante, sen perxuro de que todos os presentes, incluída a reclamante, asumiran que quedase pendente de subsanación. Entende a reclamante que a votación desenvolveuse dun xeito irregular e non debería ter validez.

A impugnación se proxecta, pois, sobre a elección dos membros integrantes da comisión delegada da FGE correspondente o estamento de clubs e entidades deportivas. E se ben a recorrente -pertencente a un estamento diferente e que participou na votación sen manifestar nin facer constar salvidade algunha verbo da votación combatindo a posteriori o *modus operandi* da mesma- manifestou inicialmente nun primeiro escrito de 16 de decembro a concorrencia de certos motivos de impugnación (reseñados anteriormente) posteriormente nun segundo escrito de 17 de decembro precisou como motivo de recurso o posible incumprimento do artigo 8 do Regulamento electoral da Federación instando, finalmente, a que se invalidase a votación e que se repetise co rigor necesario.

A xunta electoral da FGE procedeu a dictar a resolución no presente procedemento dando cumprimento a acordo deste Comité de data 15 de febreiro de 2019 no que se procedeu a inadmitir un escrito que remitira dita xunta electoral en relación coa reclamación sinalada habéndose acordado a retroacción das actuacións a fin de que dita xunta electoral acordase o que estimase procedente respecto da precitada reclamación.

Pois ben, na resolución da xunta electoral impugnada ante este Comité, de data 20 de febreiro de 2019, se desestima a reclamación presentada por Dona Ruth Ballesteros Canel, membro da Asemblea Xeral da FGE polo comité de árbitros, que impugnaba a votación dos membros da comisión delegada da federación, polo estamento de clubs, celebrada o 16 de decembro.

Entre outras cuestións, no acordo impugnado se sinala que “la impugnante no participa ni está legitimada pues en dicha votación, ya que son los clubs integrantes de dicho estamento los que eligen por y entre ellos a sus representantes en la Comisión Delegada, la impugnante no representa a ningún club. No impugnada la votación ni formulado recurso por ninguno de los clubes o asociaciones deportivas miembros de la asamblea (presentes o ausentes) a quienes afectaba dicha votación ya que, como se ha dicho, los miembros a elegir lo han de ser por y entre los miembros del estamento de clubes, ésta



ha de ser mantida, ya que a impugnante non pertence a dicho estamento, falta su condición de interesada en la referida votación al no ser afectada". Tamén se sinala que na asemblea "no se formuló por ninguno de los presentes y menos por la impugnante ninguna alegación o reparo que debiera constar en acta" e, en canto ao fondo do asunto, consideran inaplicable o contido do artigo 8 do Regulamento Electoral.

Pola súa banda, no recurso indicase verbo da cuestión da lexitimación que "teniendo en cuenta que soy miembro de la Asamblea como de la misma comisión delegada no encuentro fundamento alguno a que no se pueda denunciar las irregularidades cometidas durante el mismo". Tamén cuestiona que fora que os seus propios actos posto que, según manifesta, descoñecía "la base legal de la propuesta" e que, por ende, "por este desconocimiento no me negué en ese momento ni presenté queja alguna en la misma asamblea. Creo que estaba en todo mi derecho de consultarlo a posteriori, revisar el reglamento electoral y presentar la impugnación en forma y plazo". Finalmente, considera de aplicación o disposto no xa citado artigo 8 do Regulamento Electoral e na súa virtude entende que "el único representante legitimado para ejercer el voto en representación de un club es aquel que aparezca en el censo definitivo".

Unha vez exposto os termos do debate e visto que a primeira das cuestións a resolver toma como referencia a da lexitimación da recorrente, procede o seu análise como cuestión prioritaria.

E o noso punto de partida debe ser atender ao disposto no artigo no artigo 49, apartado segundo, que debe ser posto en relación cos apartados segundo e cuarto, inciso c) do artigo 51 do citado Decreto 16/2018. Nos preceptos mencionados exíxese como requisito de procedibilidade do recurso ante este Comité a existencia dunha lexitimación no sentido de que se exprese no recurso e quede acreditada a afectación directa do acordo impugnado na esfera persoal da persoa recorrente.

A acreditación no presente caso da concorrencia dunha lexitimación suficiente era especialmente apropiada á vista do contido do acordo da xunta electoral non podendo estimarse como suficiente a mera indicación á pertencencia ao órgano colexiado, máxime cando o acordo impugnado se adoptou sen existir contradicción, nin salvidade na emisión do voto ou reserva na súa adopción pola recorrente.

E coñecido que existe unha copiosa xurisprudencia (referida a situacións de membros de entidades locais pero que pode extrapolarse ás circunstancias do presente suposto) conforme á cal unha persoa física integrante dun órgano colexiado do que xurde o acto impugnado está lexitimada activamente para a súa impugnación sempre que se tivera oposto á opinión maioritaria do resto de membros e ostente un dereito subxectivo verbo do acto en cuestión. Según dita xurisprudencia, exíxese, pois, a exteriorización previa da disconformidade para ostentar lexitimación activa debendo votar en contra ou, no seu caso, efectuar unha salvidade ou absterse pois, do contrario, coa súa actuación contribúe a conformar a vontade do órgano colexiado materializada no acordo que se tome por este.



No presente caso non se aporta unha explicación sobre a suficiencia do interese lexítimo que sustenta a impugnación (sempre necesaria pero especialmente nun caso no que o acordo que se ataca nega tal extremo) e sen que, como confirma a xurisprudencia, alcance suficiencia un xenérico interese na defensa abstracta da legalidade ante unha suposta ilegalidade na adopción dun acordo e cando dito acordo tamén foi adoptado con consenso da recorrente (pois estase ante unha impugnación a posteriori do mesmo) non procede considerar que conorra o presuposto de suficiencia de lexitimación que se configura como un requisito de procedibilidade do recurso ante este Comité.

Polo exposto anteriormente, o Pleno do Comité, previa deliberación e debate polos membros que o conforman, por unanimidade, **ACORDA**: Inadmitir o recurso presentado por Dona Ruth Ballesteros Canel contra a resolución da xunta electoral da Federación Galega de Esgrima que desestimou a impugnación pola recorrente da elección de membros da comisión delegada no estamento de clubs no proceso electoral de dita federación.

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Don Jorge Barros de la Peña, secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2019 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2019.